

REGULAMENTO LIGA GALEGA SLÁLÓM OLÍMPICO TEMPADA 2019

APROBACIÓN: ASEMBLEA XERAL ORDINARIA 09-02-2019.

REGULAMENTO

LIGA GALEGA SLÁLOM OLÍMPICO

TEMPADA 2019

1.- ORGANIZACIÓN

A organización técnica, execución e coordinación desta **LIGA** corresponderá integramente á Federación Galega de Piragüismo (F.G.P.), así como de todas as competicións puntuables que a integran, coas colaboracións que procedan en cada unha das competicións puntuables a execución ao club e/ou organizador de cada unha delas.

2.- COMITÉ DE COMPETICIÓN

Cada competición puntuable terá o seu propio Comité de Competición de acordo cos Regulamentos da F.G.P.

3.- COMITÉ DE DISCIPLINA

Será o Comité Galego de Competición e de Réxime Disciplinario da F.G.P. para todo o referente a esta Liga e todas as súas competicións puntuables.

4.- XUÍCES E ÁRBITROS

O equipo arbitral para cada unha das distintas competicións puntuais das diferentes competicións que integran esta LIGA, será designado polo Comité Galego de Árbitros.

5.- COMPETICIÓN DA LIGA

As competicións puntuables a celebrar nesta **LIGA 2019**, son as figuren como tales no calendario oficial da tempada 2019.

6.- PARTICIPACIÓN

6.1 Aberta a todos os deportistas de clubs galegos, que, estando en posesión da licenza federativa debidamente actualizada para a temporada 2019 na data de peche de inscrición que para cada competición se determine, reúnan as condicións deste regulamento. En todas as Competicións desta Copa poderán participar padexeiros de clubs non galegos e doutras federacións inscritas na I.C.F. agás nos campionatos galegos, no que só o poderán facer como abridores.

6.2 Nas competicións que conforman esta Liga Galega un deportista só pode participar na súa categoría ou na, inmediata superior, agás os vetarás que poderán competir coma séniores.

6.3 Nas competicións cada Club contará coa presenza dun técnico con licenza en vigor que será responsable dos deportistas o cal exercerá de xefe de equipo.

6.4 Os xefes de equipo deberán asistir á reunión informativa que determine o comité de competición onde se informará do funcionamento da competición.

6.5 Cada deportista poderá participar en dúas modalidades, e nunha terceira se é C-2 mixto sempre que non provoque variacións no orde de saída. A posibilidade de dobrar reducirase a dispoñibilidade de tempo e de material de cada club non podéndose alterar o desenrolo da competición debido a un mal calculo no momento de facer a inscrición. Para iso se elaborará un orde de saídas por modalidades e categorías que será respetado durante toda a tempada para facilitar estes cálculos a ós clubs.

6.6 Cando unha categoría conte con menos de 3 participantes de dous clubs, os participantes poderase cambiar a categoría superior, na confirmación de inscricións sempre a petición do Xefe de Equipo.

6.7 Sempre a criterio do comité de competición, poderán tomar a saída o número de abridores e pechadores que este considere oportuno, estes terán resultados a título informativo mais non formaran parte da competición.

7.- CAMBIO DE CLUBS

O deportista que tendo participado por un club determinado nalgunha das competicións puntuables desta Liga, poderá cambiar de club si así o desexa e competir co mesmo, pero en ningún caso puntuará a embarcación na que compita dentro da mesma tempada.

8.- INSCRICIÓN

8.1 Cada club poderá inscribir, como titulares, en cada unha das competicións o número de deportistas e embarcacións, por modalidade e categoría, que considere oportuno.

8.2 O prazo para o peche de inscricións remata o **domingo anterior** a celebración da competición.

8.3 As inscricións serán feitas nos prazos establecidos á través da páxina web da Federación Galega de Piragüismo, www.fegapi.org coas claves entregadas ao efecto a cada club.

8.4 Cando a inscrición sexa para una competición organizada por outra federación que non sexa a Galega, a inscrición deberase enviar a federación organizadora seguindo as pautas que o organizador indique e respectando os prazos que este indique.

8.5 Cando a inscrición sexa para unha **competición de ámbito nacional**, a celebrar en Galicia, os clubs terán que facer as inscricións a través da **aplicación web da RFEP**, seguindo os prazos establecidos pola RFEP e axustar a súa inscrición as categorías establecidas pola mesma para esa Liga na presente tempada 2019, aínda que estas non coincidan coas da Liga Galega.

8.6 A efectos de puntuación de clubs para a Liga Galega de Slalom Olímpico se lles asignarán os puntos conforme a clasificación de clubs resultada da proba, extrapolando os datos e quitando os clubs que son de fora de Galicia (e dicir que un club pode quedar 3º na clasificación nacional pero si é o primeiro galego puntuará como primeiro para a liga galega, e así co resto).

8.7 NON SERÁN ADMITIDAS BAIXO NINGÚN CONCEPTO INSCRICIÓN FÓRA DE PRAZO.

8.8 Os Xefes de Equipo deberán confirmar a participación do seu equipo e realizar as modificacións nas oficinas habilitadas nas datas de celebración da competición desde as 9:00 horas ata as 9:30 horas (salvo que indique o contrario o regulamento da propia competición, se o houberse ou algún comunicado dende a FGP indicando novos horarios), podéndose facer de maneira presencial no lugar de celebración da competición ou por teléfono,. En caso de non procederse a dita confirmación se entenderá que todas as saídas son correctas, procedéndose a sancionar con a non comparecencia das embarcacións inscritas pero non anuladas.

8.9 As taxas por baixas/anulacións dos deportistas e de 5 € por cada unha no momento da formalización das inscricións, cunha tolerancia sen custe de unha anulación con ata dez participantes, dúas ata vinte,etc.

8.10 Aqueles clubs que, si se confirma que non deron de baixa embarcacións no prazo regulamentado, e despois non toman a saída serán sancionados con 20,00 € por cada embarcación.

8.11 Pódese dar de alta a un padexeiro o mesmo día da proba durante o período de confirmación de inscricións y previo pago de 15 euros. Para que isto sexa posible o Xuíz Arbitro debera de dispor do listado de deportistas co a licenza federativa dada de alta.

8.12 A reunión de Xefes de Equipo, para cada competición, levarase a cabo, para informar ou aclarar o que se precise, o mesmo día da competición, unha hora antes do comezo da mesma.

9.- CATEGORÍAS e MODALIDADES

As categorías e modalidades para cada competición, serán as seguintes:

COPA GALEGA DE SLÁLOM:

Campionato Galego

| Individual | Kaiak | Canoa |
|------------------|---------|-----------|
| Muller veteranas | K-1 | C-1/C-2 |
| Muller sénior | K-1 | C-1/C-2 |
| Muller xuvenil | K-1 | C-1/C-2 |
| Muller cadete | K-1 | C-1/C-2 |
| Homes veteranos | K-1 | C-1 / C-2 |
| Home sénior | K-1 | C-1 / C-2 |
| Home xuvenil | K-1 | C-1 / C-2 |
| Home cadete | K-1 | C-1 / C-2 |
| Mixto cadete | | C-2 |
| Mixto xuvenil | | C-2 |
| Mixto sénior | | C-2 |
| Equipos | | |
| Muller | 3 x K-1 | 3 x C-1 |
| Muller xuvenil | 3 x K-1 | 3 x C-1 |
| Homes | 3 x K-1 | 3 x C-1 |
| Homes xuvenil | 3 x K-1 | 3 x C-1 |

Resto de competicións

| Individual | Kaiak | Canoa |
|------------------|-------|-----------|
| Muller Veteranas | K-1 | C-1/C-2 |
| Muller Sénior | K-1 | C-1/C-2 |
| Muller Júnior | K-1 | C-1/C-2 |
| Muller Cadete | K-1 | C-1/C-2 |
| Homes Veteranos | K-1 | C-1 / C-2 |
| Home Sénior | K-1 | C-1 / C-2 |
| Home Júnior | K-1 | C-1 / C-2 |
| Home Cadete | K-1 | C-1 / C-2 |
| Mixto cadete | | C-2 |
| Mixto xuvenil | | C-2 |
| Mixto sénior | | C-2 |

Os deportistas de categoría infantil poderán tomar parte nas competicións de esta Liga como una categoría máis. Poderán asistir a competir e se lles dará se quedan entre os tres primeiros súa medalla correspondente pero sen puntuar.

10.- IDENTIFICACIÓN DOS DEPORTISTAS

No momento de acceder os/as deportistas á auga se poderá realizar un control de licenza polo Árbitro correspondente, polo que será obrigatorio que todos os padexeiros leven a seu D.N.I.

11.- CONTROL DE EMBARCACIÓNS.

11.1 As embarcacións deberán cumprir as normas de pesos e medidas establecidas nos Regulamentos da RFEP para cada especialidade podéndose admitir a participación en embarcacións que non cumpran esas medidas por cuestión de promoción e sempre que non se consideren vantaxosas para o participante respecto dos demais inscritos, pero sempre que cumpran coas medidas de seguridade e flotación, podendo ser inspeccionadas po o equipo arbitral que determinara si compren.

11.2 Este ano e só a modo exemplar se procedera a o pexase aleatorio das embarcacións nos Campionatos Galegos.

12.- DORSAIS

12.1 Os dorsais serán facilitados pola F.G.P ou no caso de tratarse dunha Copa de España, pola RFEP.

12.2 Todos os participantes levarán os dorsais polos que serán controlados en cada momento dos percorridos. Terán que devolvelo nas mesmas condicións que lle foi entregado unha vez finalizada a súa participación na competición.

12.3 A sanción que cada club terá que abonar por cada dorsal non entregado e de 30 euros

13.4 en caso de non ter devolto os dorsais ou pagada a sanción correspondente, non se admitira a inscrición na seguinte competición de esta liga.

13.- DESCUALIFICACIÓNS

Os padexeiros descualificados deberán abandonar o campo de competición cando lles sexa indicado polo árbitro correspondente. A negativa a abandonar o campo será valorada polo Comité de Disciplina da F.G.P. por se é merecedora de sanción.

14.- RANKING, HORARIO, ORDE DE SAÍDAS

14.1 Ranking: o ranking elaborárase cos 3 mellores resultados das CLASIFICATORIAS das 4 últimas competicións..

14.2 Orde de saídas: a orde de saída das embarcacións será por orde inverso do ranking por categoría e modalidade.

Co fin de permitir a dobraxe de categorías alternánsense as categorías masculinas e femininas na seguinte orde:

Categorías C2H (C2 H veterano, sénior, júnior e cadete)

Categorías K1M (K1 M veterana, sénior, júnior e cadete)

Categorías C1H (C1 H veterano, sénior, júnior e cadete)

Categorías K1H (K1 H veterano, sénior, júnior e cadete)

Categorías C1M (C1 M veterana, sénior, júnior e cadete)

Cada deportista deberá decidir en que categorías compeite valorando o intervalo de tempo que dispón entre as distintas categorías.

Esta orde deberase respectar en todas as competicións e non se farán cambios na orde de saída.

14.3 Horario: en función do número de inscritos, programa horario será o seguinte:

CAMPIONATO GALEGO:

09:00 a 09:30 h. Confirmación de inscricións.
10:00 h. Reunión informativa cos xefes de equipo.
11:00 h. Clasificatoria una manga de todas as categorías.
12:30 h. Final 1 manga de todas as categorías.
13:30 h Sláalom por equipos
14:30 h. Entrega de Medallas

RESTO DE COMPETICIÓN:

09:00 a 09:30 h. Confirmación de inscricións.
10:00 h. Reunión informativa cos xefes de equipo.
11:00 h. Clasificatoria una manga de todas as categorías.
12:30 h. Final 1 manga de todas as categorías.
14:00 h. Entrega de Medallas

En caso de variación do programa de competición por forza maior, debe comunicarse á FGP cunha semana de antelación.

14.4 Trazado campo de sláalom: a FGP designara un técnico para o trazado do campo de sláalom en cada proba.

O trazador do percorrido presentará ao Comité de Competición unha proposta de trazado que deberá ser aprobado por este Comité.

O trazado do campo realizarase seguindo a normativa do Regulamento de Sláalom aprobado polo CSD

14.5 Sistema de competición: consta de unha manga clasificatoria e outra final. Os deportistas farán unha manga que serve de clasificatoria, pasando a final aqueles deportistas que teñan superado o peche de control, que se resolverá nunha manga.

15.- REGULAMENTOS, PUNTUACIÓN E CLASIFICACIÓN POR CLUBS

15.1 Os regulamentos para as distintas modalidades serán os regulamentos das modalidades da RFEP, coas excepcións indicadas neste regulamento da Liga Galega de Augas Bravas.

15.2 Para que unha proba poida levarse a cabo teñen que inscribirse e tomar parte polo menos 3 embarcacións ou tres equipos de dous clubs diferentes.

15.3 Para ter dereito a puntos nas categorías individuais e preciso superar os marxes de peche

de control .

PUNTUACIÓN INDIVIDUAL:

Clasificación Bonificación Puntos

| | | |
|----|--------|----|
| 1 | 18 + 3 | 21 |
| 2 | 17 + 2 | 19 |
| 3 | 16 + 1 | 17 |
| 4 | 15 | |
| 5 | 14 | |
| 6 | 13 | |
| 7 | 12 | |
| 8 | 11 | |
| 9 | 10 | |
| 10 | 9 | |
| 11 | 8 | |
| 12 | 7 | |
| 13 | 6 | |
| 14 | 5 | |
| 15 | 4 | |
| 16 | 3 | |
| 17 | 2 | |
| 18 | 1 | |

PUNTUACIÓN PARA A PROBA DE EQUIPOS PARA OS CAMPIONATOS GALEGOS SLÁLÓM E DESCENSO

| <u>Clasificación</u> | <u>Puntos</u> |
|----------------------|---------------|
| 1 | 42 |
| 2 | 36 |
| 3 | 32 |
| 4 | 30 |
| 5 | 28 |
| 6 | 26 |
| 7 | 24 |
| 8 | 22 |
| 9 | 20 |

15.4 A partir del posto 18 os deportistas que superen o peche de control obterán 1 punto

15.5 Nas competicións por patrullas, de cada club só puntuará o equipo mellor clasificado, ocupan lugar, mais non puntúan, cando haxa máis dun equipo do mesmo Club.

15.6 Puntuación por clubs: a puntuación total dun Club, obterase coa suma de todas as puntuacións individuais máis a suma das puntuacións por equipos.

15.7 Marxe de peche de control:

Marxe establecido:

| | |
|--------------|------|
| K-1 Home | 100% |
| C-1 Home | 115% |
| K-1 Mulleres | 120% |
| C-1 Mulleres | 140% |
| C-2 | 120% |

As marxes de peche de control por categorías son:

| | |
|-----------|------|
| Veteranos | 160% |
| Sénior | 150% |
| Xuvenil | 160% |
| Cadetes | 170% |

15.8 Puntuación Liga Galega de Slalom Olímpico:

Na clasificación de cada unha das competicións, aplicaráselle a cada club os seguintes puntos:

- O 1º obterá 100 puntos máis 10 de bonificación.**
- O 2º obterá 99 puntos máis 6 de bonificación.**
- O 3º obterá 98 puntos máis 3 de bonificación.**

A partir deste posto irán decrecendo de un en un sen bonificación.

A clasificación final obtérase coa suma dos puntos obtidos por cada club, en cada unha das competicións que integren esta LIGA.

Aquelas probas que forman parte da Liga Galega de Slalom Olímpico e o tempo teñen validez para outras competicións, e po lo tanto poidan existir diferenzas regulamentarias, a toma de puntos para a clasificación da LIGA GALEGA farase tomando a clasificación por clubs, extrapolando os clubs galegos e dándolle puntos no orde que resulte.

15.9 Puntuación por clubs:

A puntuación total dun club, en cada unha das competicións desta Liga, obtérase coa suma de todas as puntuacións individuais obtidas polas súas embarcacións.

15.10 Puntuación Superliga de Augas Bravas: a clasificación final de cada club, para esta **SUPERLIGA DE AGUAS BRAVAS**, vaise calcular pola suma dos puntos obtidos nas distintas Ligas:

Resultados da Liga Galega de Promoción de Slalom + Resultados da Liga Galega de Slalom, + os resultados das probas Galegas de Descenso AB + Liga Galega de Estilo Libre.

Os clubs desestimaran as 2 peores puntuacións de calquera das probas que configuren a Superliga Galega de Augas Bravas, non sumándose eses resultados para a Súper Liga Galega de Augas Bravas. Si se dera o caso de celebrarse probas de Estilo Libre, os clubs poderían desestimadas as 3 peores puntuacións en vez de 2.

16.- DESEMPATES

16.1 Nunha proba dunha competición: segundo o establecido nos Regulamentos da F.G.P. para cada especialidade.

16.2 Nunha competición: daráselle a mesma puntuación e clasificación a os empatados.

16.3 Na clasificación final da Liga de Slalom Olímpico: resolverase a favor do club que maior número de primeiros postos conseguise nos distintos Campionatos Galegos, despois terase en consideración o número de segundos postos, e despois de terceiros postos. De proseguir o empate, consideraríanse os mellores postos das competicións puntuais de cada COPA, ata conseguir o desempate.

16.4 Na clasificación da Superliga Galega de Augas Bravas: no suposto de que exista un empate a puntos, resolverase a favor do club que mellor clasificación conseguise na **COPA GALEGA DE PROMOCIÓN DE SLÁLOM**.

17.- RECLAMACIÓNS

17.1 Tódalas reclamacións sobre o desenvolvemento de cada competición serán entregadas ao Xuíz Arbitro.

17.2 Tódolos xefes de equipo deberán indicar a ó Xuíz Arbitro ou na oficina de xestión da competición a súa intención de reclamar nun prazo non superior a 5 minutos despois de ser colocados os resultados de cada categoría no taboleiro de anuncios, e unha vez manifestada a intención da reclamación por escrito, o prazo para presentala formalmente será de 20 minutos.

17.3 Tódalas reclamacións deberán ser feitas por escrito e acompañadas dunha taxa de 20 euros.

17.4 As taxas serán devoltas se a protesta é considerada.

17.5 As decisións do Comité de Competición serán definitivas e poderán ser recorridas, en tempo e forma, segundo indican os regulamentos da F.G.P.

18.- TÍTULOS

EN CADA COMPETICIÓN DA LIGA DE SLÁLOM OLÍMPICO

18.1 Por deportista: os deportistas das tres primeiras embarcacións clasificadas, en cada unha das categorías e modalidades de cada competición, obterán os seguintes títulos: **Campión, Subcampión e 3º clasificado.**

18.2 Por clubs: os tres primeiros clubs clasificados, en cada competición, obterán os seguintes títulos: **Club Campión, Subcampión e 3º Clasificado.**

18.3 Para a Liga Galega de Sláalom Olímpico: **Club Campión da Liga Galega de Sláalom Olímpico.**

19.- RECOLLIDA DE TROFEOS EN CADA COMPETICIÓN

19.1 Os deportistas galardoados deberán recoller o seu trofeo, **inescusablemente**, coa vestimenta deportiva oficial do Club ao que representan, de non ser así serán sancionados conforme o regulamento de Disciplina da F.G.P.

19.2 **No caso de forza maior poderá ser recollido polo Delegado ou xefe de equipo si o solicita por escrito ao Xuíz Árbitro e este o autoriza.**

19.3 O Trofeo por clubs será recollido polo Xefe de Equipo, representante Legal ou Adestrador do Club

20.- SUSPENSIÓN DE UNHA COMPETICIÓN

Se por algunha circunstancia **o Comité de Competición estimase que hai causas para** suspender algunha competición da presente Liga Galega, **a Xunta Directiva de esta Federación Galega de Piragüismo** determinará a nova data, a competición que a substitúe ou a súa suspensión definitiva, no caso de que non puidera celebrarse.

21.- CAUSA MAIOR

No suposto de que un club, por causas alleas á súa vontade, non poda tomar parte nalguna das competicións puntuables en cada LIGA, e sempre que o estime oportuno a Xunta Directiva da F.G.P., de acordo co informe debidamente documentado polo club, poderá concedérselle os puntos alcanzados polo último Club clasificado menos 5, referíndose á competición que non puido asistir.

22.-OUTRAS NORMAS

A organización de cada regata non se fai responsable dos danos que puidesen causarse a embarcacións e demais material dos participantes, tanto no transporte como no transcurso da regata.

No que respecta a organización de probas, aqueles clubs que non organicen durante a temporada a lo menos unha proba de calquera das modalidades que forman a Superliga Galega de Augas Bravas, estarán obrigados a organizala na tempada seguinte, de non ser así, a cantidade obtida na tempada anterior seralle descontada do premio acadado, dándose a formula de un solo club organizador por cada proba.

23.- LEMBRANZA

23.1 Embarcacións: as embarcacións deberán cumprir as normas de pesos e medidas establecidas nos Regulamentos da RFEP para cada especialidade podéndose admitir a participación en embarcacións que non cumpran esas medidas por cuestión de promoción e sempre que non se consideren vantaxosas para o participante.

23.2 Deportistas: os padexeiros deberán estar equipados segundo as normas de seguridade de cada especialidade, establecidas nos Regulamentos da RFEP.

En caso de que non se cumpran as normas de seguridade e equipamento, o Xuíz de saída pode prohibir a saída a un competidor

24.- REQUISITOS DOS ORGANIZADORES

Para ser organizador dalgunha destas competicións, é necesario cubrir os seguintes requisitos:

a) Todas as competicións deben ter contratada una póliza de responsabilidade civil e acreditado ante a F.G.P., podendo ser esta substituída por unha póliza colectiva da propia Federación Galega de Piragüismo.

b) Dispor de zona de embarque e desembarque facilmente practicable, así como dispor de zona de quecemento na saída e des-quecemento despois da meta.

Ter instalado un percorrido con tempo suficiente, para que os clubs teñan a posibilidade de remar no lugar da proba. O montaxe do campo correspóndelle o organizador que deba cumprir cos regulamentos de slalom da RFEP aprobado po lo CSD,
O trazado do percorrido da competición será deseñado po los técnicos da FGP, que tamén valoraran a calidade do lugar escollido.

c) Ambulancia con persoal sanitario

d) Ter un lugar habilitado para o equipo arbitral e oficina da F.G.P


- e) Taboleiro de resultados
- f) Entregar aos clubs o programa de competición, orde de saída e plano do percorrido.
- g) Dispor do equipo e persoal de salvamento adecuado, para asegurar a integridade física dos participantes e a recuperación do material, en caso de envorco.
- h) Recomendable megafonía ambiental que cubra as necesidades da competición.
- i) Recomendable servizos, vestiarios e embarcadiros adecuados para os participantes.
- j) Trofeos ou medallas para os tres primeiros clasificados en cada proba.
- k) Recomendable regulamento da proba exposto xunto ao taboleiro de resultados.
- k) Medios idóneos e suficientes para que os Xuíces poidan realizar o seu cometido.
- l) Voluntarios suficientes (mínimo 3) para a realización da competición.
- m) Correspondente permiso administrativo,(Confederación del Miño-Sil ou Augas de Galicia) para a realización da competición.

24.- INFORMACIÓN

Para calquera información relacionada con esta **LIGA** estará dispoñible na páxina WEB, www.fegapi.org telefonicamente no nº 986842106, por FAX 986851108 ou por escrito Rúa Gavian s,n 36151 Verducido-Pontevedra.

Pontevedra, 09 de febreiro 2019

Vº Bº
PRESIDENTE



O SECRETARIO

